

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2586 *Real decreto 346/2012, do 10 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.*

O Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola, estableceu a normativa para acreditar a potencia e o equipamento dos dispositivos de seguridade, así como para regular as condicións básicas para a inscrición destas máquinas nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola (ROMA) das comunidades autónomas.

No que se refire á potencia dos tractores e demais maquinaria automotriz, no artigo 3 regulouse o método para establecer a potencia de inscrición destas máquinas no ROMA. Con posterioridade á publicación do real decreto están aparecendo no mercado numerosos tractores cuxos motores dispoñen dun sistema de xestión da potencia que parece dar lugar a máis dunha curva de potencia no mesmo tractor. Pero considerando que non todos os motores teñen algún destes sistemas de xestión e que ademais non actúan de forma continuada, cómpre especificar que a potencia de inscrición é a do motor co sistema de xestión desactivado, o que comporta a modificación do artigo 3 do Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño. Non obstante, permítese dar esta información complementaria para mellorar a información dispoñible sobre os tractores e demais máquinas automotrices.

Respecto das condicións de seguridade das máquinas, no artigo 6 do Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, referido a esta materia cítase o Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Consello 89/392/CEE relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre máquinas. O mencionado Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, foi derogado e substituíuse polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.

En consecuencia, considérase conveniente modificar o citado artigo 6 do Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, para adecuar á normativa actual os requisitos de seguridade das máquinas, non incluídas na Directiva 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á homologación dos tractores agrícolas ou forestais, dos seus remolques e da súa maquinaria intercambiable remolcada, así como dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas dos ditos vehículos, e pola que se derroga a Directiva 74/150/CEE, as cales deberán cumprir o establecido no Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas e as súas posteriores modificacións.

Por outra parte, a fin de dispor dun censo destes equipamentos de maquinaria agrícola e con obxecto de programar e regular o seu control, no Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, introduciuse dunha disposición transitoria única mediante a cal se establece un prazo de dous anos para a inscrición no ROMA dos equipamentos xa en uso de tratamentos fitosanitarios e de distribución de fertilizantes. Para complementar o censo xa constituído considerouse oportuno eliminar desta disposición transitoria este prazo máximo, e facilitar a inscrición no ROMA destes equipamentos. Desta forma disporase dun censo destes equipamentos para programar e regular o seu control, establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e no Real decreto 1702/2011, do 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios, que traspón ao ordenamento xurídico español o artigo 8 e o anexo II da

Directiva 2009/128/CE, pola que se establece o marco da actuación comunitaria para conseguir un uso sustentable dos praguicidas.

Neste mesmo sentido se modificou a disposición derradeira segunda, para identificar inequivocamente as máquinas que non dispoñen de número de bastidor.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a emisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de febreiro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.*

O Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola, queda modificado como segue:

Un. No artigo 3 «Potencia» engádese un novo punto 4, coa seguinte redacción:

«4. Cando o motor do tractor ou da máquina automotriz dispoña dun sistema de xestión de potencia que, en determinadas situacións de traballo e de forma manual ou automática, permita un aumento da potencia do motor, a potencia de inscrición será a nominal do motor indicada no punto 2, sen o sistema de xestión activado. Non obstante, poderase engadir o dato da potencia do motor co sistema de xestión activado, tanto na documentación xerada no Rexistro de Maquinaria como na información e publicidade sinalada no artigo 5.»

Dous. O parágrafo b) do artigo 6 «Condicións de seguridade» substitúese polo seguinte:

«b) O resto de máquinas agrícolas non recollidas na Directiva 2003/37/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, cumpriran co disposto no Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas e as súas posteriores modificacións.»

Tres. A disposición transitoria única «Inscrición de máquinas xa en uso» substitúese pola seguinte:

«Disposición transitoria única. *Inscrición de máquinas xa en uso.*

Para a inscrición no ROMA das máquinas recollidas nos parágrafos h) e i) do anexo II non inscritas con anterioridade, cando non se dispoña do certificado de características, da declaración de conformidade CE, regulada no Real decreto 1644/2008, de seguridade nas máquinas, ou da factura de compra, poderá substituírse por unha declaración asinada polo titular da máquina na cal se reflectan os datos indentificativos desta, marca e modelo, número de bastidor, as súas principais características técnicas e o ano da primeira adquisición da máquina.»

Catro. A disposición derradeira segunda «Identificación individual de equipamentos» substitúese pola seguinte:

«Disposición derradeira segunda. *Identificación individual de equipamentos.*

Naqueles equipamentos recollidos na disposición transitoria única que carezan de número de bastidor, troquelarse ou gravarse de forma indeleble no seu chasis o número para a súa identificación individual. O número de identificación da máquina será establecido no ROMA onde se produce a alta da máquina usada, cando non dispoña da citada identificación.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de febreiro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE